



RESIDENTES: Información da Mesa Sectorial do 22/06/2007

Logo da reunión anterior do 31 de maio, na que o Sergas aceptara a nosa petición de revisar os contidos do acordo do 19 de decembro, onte era a primeira reunión para cruzarnos as respectivas propostas para negociar.

A **proposta da CIG-Saúde** (http://www.agmedica.org/Residentes-proposta_CIG-070619.pdf) (consensuada con AGAMIR) xa fóra remitida ao Sergas uns días antes, e a proposta do Sergas foi explicitada na propia reunión.

A **proposta do Sergas**, que explicitou na propia xuntanza, consistiu basicamente no seguinte:

- aceptar o incremento do prezo das gardas, con efectos do 1 de outubro
- ese incremento está calculado sobre a media pactada nos diferentes Servizos de Saúde, tal como se reflexa no **cadro** (<http://www.agmedica.org/Residentes-gardas-propostaSergas-070621.pdf>) que entregaron
- constituír unha comisión en cada centro con participación de persoas designadas pola xerencia e outras designadas polos sindicatos
- constituír o grupo de traballo sobre responsabilidade, que tería que propoñer as súas conclusións diante da Mesa en outubro.

A **proposta do Sergas** foi recibida por nós na mesa como **absolutamente insuficiente**.

- Malia que os prezos das gardas xa o Sergas reconece que é necesario incrementalos bastante, e na súa proposta hai un incremento do valor/hora entre 2,30 para un R-I ata 5,48 para un R-IV),
- o seu cadro ten varios déficits:
 - a) porque as cifras utilizadas para facer as medias non son correctas nalgúns casos
 - b) porque na media inclúe a Galicia, que ten que estar excluída dese cálculo
 - c) porque non inclúe os valores xa pactados en 11 Servizos de Saúde para o 2008
 - d) e porque non inclúe ningunha referencia ao valor adicional das horas de domingos e festivos, que si están na maioría dos acordos comparados.

En base a todos eses argumentos, a **proposta do Sergas quedou desbotada** e acordamos que farían unha nova proposta na próxima reunión tendo en conta todos eses criterios indicados por nós. Reclamamos ademais o **carácter retroactivo, a 1 de xaneiro, do novo valor das gardas que finalmente acordemos**, pero o Sergas mantén de momento a súa oferta de aplicalos dende o 1 de outubro.

Por outra parte, insistimos tamén na nosa proposta de **adiantar o incremento retributivo** (soldo base + complemento de grao) pendente para xaneiro de 2008 a este ano. O Sergas mantén a súa negativa a este adiamento, argumentando a imposibilidade de modificar os termos do acordo pactado. Non nos conformamos con esta explicación, e seguimos defendendo a nosa proposta, que non consiste noutra cousa que en facer o que xa se ten feito na maioría dos Servizos de Saúde: adiantar a este exercicio o incremento restante do 50% das diferenzas retributivas..

Respecto da cuestión de constituír **Comisións paritarias nos centros**, propuxemos incluír na composición aos residentes electos para as respectivas comisións de docencia, que foi aceptado polo Sergas.

Quedouse en ter unha nova reunión, que o Sergas convocará proximamente. CIG-Saúde considera que esa xuntanza debe celebrarse xa a próxima semana, ou como moito na seguinte, e así llelo transmitirá ao SERGAS.